



Compostela Aberta
Grupo Municipal

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLA DOTACIÓN ORZAMENTARIA DA LEI DE BENESTAR ANIMAL

Noa Morales Sánchez, Concelleira de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar Animal, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**,

LIMIAR

Cinco meses despois da entrada en vigor da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, evidenciamos unha problemática que non deixa de medrar: o abandono, máis tamén casos de encadeamento continuado ou de limitación extrema de movementos que supoñen un contexto de maltrato case permanente que debería ser evitado, mentres que a Xunta de Galicia non ten disposto ningún orzamento adicional para exercer a súa parte de responsabilidade no marco desta nova norma.

Con 100.000 € consignados nos Orzamentos deste exercicio para o conxunto dos Concellos galegos, existen xa exemplos dunha maior implicación económica, como a anunciada convocatoria de axudas para as entidades protectoras por parte da Deputación da Coruña, dotada con 150.000 € e aplaudida por diferentes colectivos animalistas, ou o compromiso da Deputación de Pontevedra de impulsar unha liña de subvencións semellante ao longo do ano.



Así, vemos como o executivo autonómico fai proselitismo electoralista dunha Lei da que non se responsabilizou á hora de garantir un cumprimento claro, como as ducias de denuncias administrativas que agardan resposta por casos de maltratou, ou a exclusión do seu ámbito de aplicación dos équidos, obxecto tamén de prácticas específicas de crueldade como é a colocación de pexas.

Unha aplicación correcta de preceptos como o sacrificio cero require do compromiso de todas as partes, desde a elaboración de estratexias de sensibilización ata a licitación ou sinatura de convenios con entidades protectoras de animais e refuxios, e a Xunta de Galicia non está a poñer da súa parte nin medios técnicos nin económicos para garantir que esta medida sexa real e non un bonito titular nun xornal.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galicia a dotar cos medios orzamentarios axeitados o cumprimento da Lei 4/2017 nos concellos de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2018

Noa Morales Sánchez

Concelleira de Mocidade, Deportes, Mercados e Benestar animal